Se Zona Franca aproba o proxecto, Nigrán contará cunha estación fixa de ITV en Porto do Molle.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 28 Maio 2013 08:32



Supervisión y Control S.A., empresa concesionaria do servizo de ITV da Xunta de ten previsto abrir este ao novas instalacións no parque empresarial de Porto do Molle en Nigrán. A firma sinala nun comunicado o seu interese en reforzar o servizo da estación en Peinador por ser insuficiente para atender a flota de turismos e vehículos industriais que forman o parque automotor de Vigo e contorna. A proposta da empresa está a estudo de Zona Franca.

A empresa agrega que de obter unha resolución favorable por parte do comité executivo de Zona Franca, comezará inmediatamente as obras cara a ter o servizo activo este mesmo ano. Supervisión y Control S.A. acumula un total de 23 estacións fixas e 10 móbiles en toda Galicia.